

<http://centros.edu.xunta.es/iesdepastoriza/>

**Páxina web do IES de Pastoriza** onde hai unha sección dedicada á Biblioteca na que consultaremos o *Funcionamento e as normas da Biblioteca e o Código Decimal Universal*. Isto serviranos como punto de partida para iniciar as actividades que detallamos a continuación:

- ✚ Descargaremos a *Actividade de Formación de Usuarios*. Unha vez terminada a primeira parte da actividade, que consiste en buscar diferentes materiais na Biblioteca en grupos de 3 ou 4 membros, realizaremos a segunda parte nos equipos ACER.
- ✚ Desde cada un dos equipos ACER traballaremos a *orde alfabética* e ao remataren colgarán o exercicio na aula virtual.
- ✚ Actualizaremos os carteis da CDU e das Bibliotecas de Aula procurando imaxes atractivas. Unha vez determinado o deseño que por grupos o alumnado fará nos seus ordenadores, imprimiranse e plastificaranse para colocar na Biblioteca (carteis CDU) e nas aulas (carteis das Bibliotecas de Aula).
- ✚ Elaboraremos una Presentación de diapositivas para colgar na páxina web cos distintos espazos que ten a Biblioteca.

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED024>

**Páxina web da Biblioteca:** detallamos a continuación as características da páxina e as actividades que imos realizar relacionadas con: *2010, ano do libro e a lectura*.


- ✚ **Busca no catálogo:** (na parte superior esquerda), acceso directo á base de datos da nosa biblioteca. Ten un buscador que nos permite procurar materiais por título, autor, materia, serie, CDU, editorial ou ISBN. Outra forma de acceso a este buscador témolo en **Busca avanzada**. Nesta sección buscaremos os materiais textuais que necesitamos para organizar a exposición relacionada coa actividade: *2010, ano do libro e a lectura*.
- ✚ **A túa biblioteca/Páxina principal:** contén a información principal da Biblioteca, as novidades catalogadas, os anuncios relacionados co funcionamento da nosa e doutras bibliotecas, os libros máis prestados, o que sucede na comarca, a cultura na prensa, novas e opinións dos lectores. No menú da esquerda podemos acceder a cada unha destas seccións citadas. Diariamente repasaremos a información máis destacada.
- ✚ **Busca de información:**
  - **Na biblioteca:** buscador que nos permite buscar materiais por título, autor, materia, serie, CDU, editorial ou ISBN. Tamén na parte superior esquerda. (Véxase **Busca no catálogo**).
  - **Outras buscas:** podemos explorar outras Bibliotecas e consultar as do concello e a comarca, utilizar **os metabuscadores que** buscan simultaneamente en varios buscadores ou buscar algo concreto nos buscadores especializados. Será un recurso de uso eventual.
  - **Recursos web:** cada lector ten un número e un nome de usuario para acceder aos recursos electrónicos. Aquí buscaremos a información relacionada para preparar a exposición *2010, ano do libro e a lectura*:
    - Uxío Novoneyra (autor homenaxeado o Día das Letras Galegas, o 17 de maio)
    - Miguel Delibes e J. D. Salinger (in memoriam)
    - Luís Seoane, Miguel Hernández e Torrente Ballester (centenario do nacemento)
    - Rosalía de Castro (125 años do seu pasamento)

Para entrardes tedes que escribir nesta pantalla o código de usuario: **0 e** o contrasinal: **convidado**

Lector  Bibliotecario

Código Usuario

Contrasinal



- ✚ **Xestións en liña:** permítenos solicitar ou renovar o carné, reservar material ou realizar suxestións dirixidas á nosa Biblioteca. Realizaremos reservas e suxestións individuais en función do material que cada un necesite para o seu traballo individual ou en grupo. En caso de que algún membro máis das familias do noso alumnado estivese interesado en formar parte dos lectores da Biblioteca animaremos a que o soliciten desde esta sección.
- ✚ **Usuarios Meiga:** admite opinións dos lectores e inclúe un foro de participación. Opinaremos sobre as obras e os autores consultados e realizaremos unha explicación sobre o funcionamento do Programa Meiga de xestión, préstamo e catalogación: <http://www.rbgalicia.org/meiga/>